



SEDE	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Redacción, Administración y Publicidad:	Ribadeo, 5. 27002 LUGO. Apartado 5.	Centralita: 982 298 100	Redacción: 982 298 102 Publicidad: 982 298 101	redaccion@elprogreso.es
Centro Impresión O Ceao	Parcelas 24 y 25, calle A. 27003 Lugo.	982 209 267		
Delegación Ribeira Sacra - Monforte	C/ Galicia, 8-10 2º I. 27400 Monforte	982 403 400	982 404 254	monforte@elprogreso.es
Delegación Terra Chá - Vilalba	C/ Galicia, 34-36 Ent. I. 27800 Vilalba	982 511 516	982 511 817	vilalba@elprogreso.es
Delegación A Mariña - Burela	Curros Enríquez, 2-4. 27880 Burela	982 585 911	982 585 956	burela@elprogreso.es
Delegación Sarria	Diego Pazos, 3, Ent. 27600 Sarria	982 530 203	982 532 051	sarria@elprogreso.es

DE RE VARIA

ELÍAS
FERREIRO

Espionaxe

A ESPIONAXE é algo tan antigo como o ser humano e existirá mentres exista un home —ou unha muller, non se me cabreen as feministas— sobre a terra. A espionaxe existe pola sinxela razón de que o que a practica obtén un beneficio —en termos de poder ou económico, perdón pola redundancia— do mesmo. O novo dos casos que saltaron nos últimos tempos aos medios de comunicación é o carácter masivo e indiscriminado da ciberespionaxe. Cando unha cousa é rendible e tecnicamente posible, levarase a cabo, máis pronto que tarde. O avance das novas tecnoloxías e a globalización do exhibicionismo —cando non do paponismo— a través das redes sociais confluén á hora de facilitar o labor aos amigos do alleo, no máis extenso sentido da palabra. A privacidade periga desde o momento en que os datos de calquera cidadán —carnés de identidade, tarxetas sanitarias, contas bancarias ou fotos máis ou menos comprometidas— están en internet. Sempre haberá alguén capaz de capturar eses datos e traficar con eles, porque sempre haberá alguén disposto a compralos para sacarles un beneficio. Igual que ocorre coa piratería, é imposible pórllle portas ao campo. Outra cousa é que se fixen unhas leis para establecer a fronteira entre o que é delituoso ou non. Logo quedaría o máis difícil: castigar ao delincuente. A verdade é que non se me pasa polo maxín ver a Obama —nin a Merkel, Cameron, Hollande ou Putin— no cárcere.

O FUTURO É SEU
POR JESÚS DURÁN

ALBA CASTRO

jueves 31-10-2013

MATEO, GABRIEL E SAMUEL

ALUMNOS DA ESCOLA INFANTIL QUE
DIRIXE O CLUB DE GOLF DE LUGOUnha canteira
chea de ilusión► Máis de 20 cativos lucenses convértense
en golfistas coa axuda de Gonzalo Guisasola

O CLUB de golf de Lugo forma a 22 cativos que, coa axuda do profesor Gonzalo Guisasola Álvarez, descubrirán ata o mes de xuño do vindeiro ano as peculiaridades dun deporte que na provincia conta cada vez con máis afeccionados. ademais de ter xa unha importante representación deportiva tanto a nivel autonómico como nacional e internacional, entre quen destacan nomes como José Ángel Pérez Reñones, María Eugenia Martínez, Rubén Anllo, Jesús Ouro Barba, Manuel Rodríguez, ou Manuel Hernández, entr outros.

Mateo Rodríguez Río ten cinco anos e xa emprega con certa soltura as palabras 'approach', 'putt' ou 'green'. «Sabía que iba a ser divertido, por eso me apunté a las clases», indica este mozo baixo a atenta mirada do seu irmán Samuel, tres anos maior ca el. Apunta que a maior dificultade é «darle con la madera a la pelota o sacarla del banker», esas fochas grandes, irregulares e profundas que adoitan estar cheas de area e semellan atraer as pelotas.

Xunto a eles adestra, entre outros, Gabriel Rielo Cabanas, de nove anos. «Lo más difícil es coordinar los movimientos y calcular la fuerza de los golpes», sinala

este rapaz que xoga ao golf desde hai sete meses. Considera que «al principio es difícil, pero luego con la práctica se convierte en algo muy interesante y divertido».

Os tres combinan a súa afección polo golf coa práctica de outros deportes, como a natación o atletismo ou o voleibol. Non obstante, o que máis lles gusta é agardar polo fin de semana para sacar as súas bolsas con paus e bólas e gozar no campo de golf. Mateo incluso practica, segundo comenta, «en el móvil». Gústalle ver campionatos pola televisión e tolea por pasear no 'buggy' que hay no club de golf e que ás veces lles deixan «conducir» a el e máis ao seu irmán, segundo confesan mentres o adestrador sorrí ao seu carón.

Ademais do adestramento, que inclúe clases teóricas e prácticas, os mozos que asisten á escola aprenden con xogos que lles axudan a entender o deporte e a interactuar cos outros compañeiros, favorecéndose así un ambiente de camaradería que ao fin é un dos principais motivos para que medre o seu agarimo polo deporte.

«Deberían animarse a probar más niños», coinciden los tres. «Es un deporte muy bonito», di Gabriel. El quiere ser profesional.

SÁBADO 2

10:00 horas **Apertura da Carpa**12:00 horas **Inauguración**13:00 horas **Paseo polos diferentes "stands"**

Tarde

Ata ás 19:00 horas **Concurso de recollida de setas**

Premio seta máis rara

Premio seta máis bonita

Premio seta máis grande

20:00 horas **Entrega de premios na carpa**

DOMINGO 3

10:00 horas **Apertura da Carpa**11:00 horas **Demostración de tiro con arco con participación do público**13:00 horas **Demostración práctica de caza con arco**17:00 horas **Peché da carpa**FESTA DA CAZA
E DA SETA SILVESTRE
A FONSGRADA
2 e 3 novembro 2013
ECOLÓXICA

Durante os días 2 e 3 de novembro poderán degustar en todos os bares e restaurantes da vila, tapas e menús elaborados con estos productos do país

